	B6.2	B6.3	ccl	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	50%					X	X				X		TIC
			ccl	GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	40%					X	X				X		CL
		B6.4	ccl	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	50%	X					X						CL
	B6.4	B6.6	ccl	GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado	50%			X									TIC
			ccl	GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	50%	X											CA
B2.3	B2.4	ccl	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes	50%	X					X				X		EOE	

	B2.5	ccl	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	60%	X													EOE
B3.5	B3.7	ccl	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza	50%	X					X								CL
		ccl	GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	50%	X					X								EOE
B5.1	B5.1	ccl	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución	50%	X													EOE
B5.2	B5.2	ccl/cd	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	50%	X					X								EMP
B5.3	B5.3	ccl/ccec	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	50%		X				X								CL
B5.4	B5.4	csc/ccec	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	40%					X									EC
B5.5	B5.5	ccl	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	40%					X									CL
B4.1	B4.1	ccl/ccec	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos	50%	X													CL
	B4.2	cmcct/ccec	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	30%		X												EMP
		ccl	GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	50%						X								CL
	B4.3	ccl/ccec	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles	50%					X									CA
	B4.4	ccec	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior	50%				X										EC
	B4.5	cd/ccec	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	50%	X													TIC

Grego- 2º BAC

3º Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias Clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv.						
						Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rú Bri ca	Obs.							
8	B3.2	B3.3	ccl	GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	50%	X				X								EOE	
	B3.4	B3.5	ccl	GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	50%	X				X								EOE	
	B6.1	B6.1	ccl	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	60%	X			X				X					EOE	
		B6.2	ccl	GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	50%	X			X				X						CL
		B6.5	ccl	GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se	50%	X					X								CA

	B6.3			producen nun caso e en outro														
	B2.3	B2.4	ccl	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes	50%	X					X				X			EOE
		B2.5	ccl	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	60%	X												EOE
	B3.5	B3.7	ccl	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza	50%	X					X							CL
			ccl	GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	50%	X					X							EOE
	B5.1	B5.1	ccl	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución	50%	X												EOE
	B5.2	B5.2	ccl/cd	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	50%	X					X							EMP
	B5.3	B5.3	ccl/ccec	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	50%			X			X							CL
	B5.4	B5.4	csc/ccec	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	40%					X						X		EC
	B5.5	B5.5	ccl	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	40%					X						X		CL
	B4.1	B4.1	ccl/ccec	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos	50%	X												CL
		B4.2	cmcct/ccec	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	30%				X									EMP
			ccl	GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	50%						X					X		CL
		B4.3	ccl/ccec	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles	50%					X						X		CA
		B4.4	ccec	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior	50%				X							X		EC
		B4.5	cd/ccec	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	50%	X												TIC
	B3.4	B3.5	ccl	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes	50%	X					X							TIC
	B2.2	B2.2	ccl	GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	60%	X	X											EOE
	B6.2	B6.3	ccl	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	50%					X	X				X			TIC
			ccl	GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	40%					X	X				X			CL
		B6.4	ccl	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	50%	X					X							CL
	B6.4	B6.6	ccl	GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado	50%			X								X		TIC
			ccl	GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	50%	X												CA
	B1.2	B1.2	ccl/caa	GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	30%						X							TIC
		B1.3	ccl	GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	30%						X							EOE
	B2.3	B2.4	ccl	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes	50%	X					X				X			EOE
		B2.5	ccl	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	60%	X												EOE
	B3.5	B3.7	ccl	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza	50%	X					X							CL

		ccl	GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	50%	X				X				EOE
B5.1	B5.1	ccl	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución	50%	X								EOE
B5.2	B5.2	ccl/cd	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	50%	X				X		X		EMP
B5.3	B5.3	ccl/ccec	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	50%		X			X				CL
B5.4	B5.4	csc/ccec	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	40%				X			X		EC
B5.5	B5.5	ccl	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	40%				X			X		CL
B3.4	B3.5	ccl	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	50%	X				X				TIC
B6.1	B6.1	ccl	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	60%	X			X			X		EOE
	B6.2	ccl	GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	50%	X			X			X		CL
B6.3	B6.5	ccl	GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro	50%	X				X				CA
B1.2	B1.2	ccl/caa	GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	30%					X				TIC
	B1.3	ccl	GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	30%					X				EOE
B2.3	B2.4	ccl	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes	50%	X				X		X		EOE
	B2.5	ccl	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	60%	X								EOE
B3.5	B3.7	ccl	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza	50 %	X				X				CL
		ccl	GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	50%	X				X				EOE
B5.1	B5.1	ccl	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución	50%	X								EOE
B5.2	B5.2	ccl/cd	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	50%	X				X		X		EMP
B5.3	B5.3	ccl/ccec	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	50%		X			X				CL
B5.4	B5.4	csc/ccec	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	40%				X			X		EC
B5.5	B5.5	ccl	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	40 %				X			X		CL
B4.1	B4.1	ccl/ccec	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos	50%	X								CL
	B4.2	cmcct/ccec	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	30%			X						EMP
		ccl	GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	50%					X		X		CL
	B4.3	ccl/ccec	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles	50%				X			X		CA
	B4.4	ccec	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior	50%			X				X		EC
	B4.5	cd/ccec	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	50%	X								TIC

10

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

6. METODOLOXÍA

Aspectos xerais

- Tomando como punto de partida os coñecementos previos de cada alumno, atenderanse as diferentes necesidades coa realización de exercicios individuais, ata acadar ou achegarse ao ritmo da clase.
- Levarase a cabo unha metodoloxía que permita ao alumno aprender por si mesmo e traballar en grupo, favorecendo o intercambio de información, o contraste de puntos de vista e a actitude de cooperación entre todos. A profesora encargárase de guiar e motivar ese proceso de ensino-aprendizaxe.
- Deberá haber unha participación activa, individual e conxunta na resolución das actividades, para favorecer a adquisición dos coñecementos, producindo así unha aprendizaxe máis duradeira.
- Procurarase unha conexión constante entre a parte teórica e a aplicación práctica na sociedade.
- Recurrirase a procedementos e recursos múltiples que susciten o interese do alumno e se adapten ós distintos ritmos de aprendizaxe.
- Farase un uso diario das TIC, principalmente nos temas culturais.
- O alumnado que supere as materias o 7 de xuño poderá reforzar e ampliar contidos de interese para o vindeiro curso ata o último día de clase.

6.1 Estratexias metodolóxicas

- Realización de actividades de coñecementos previos que introduzan e motiven ao alumno na temática a aprender.
- Diversidade de exercicios prácticos que permitan o coñecemento dos conceptos.
- Memorización de certos paradigmas lingüísticos (só en bacharelato)
- Elaboración de esquemas gramaticais (só en lat. e gr.)
- Elaboración de mapas, esquemas, resumos e traballos de investigación sobre temas de cultura.
- Lectura e comentario dos temas do legado, acompañado de material audiovisual.
- Actividades para a aprendizaxe de vocabulario greco- latino a través da súa pervivencia na actualidade.
- Lectura comprensiva de textos orixinais ou traducidos (só en bacharelato)
- Explicación morfosintáctica dos textos e normas para a súa tradución (só en bacharelato)
- Lecturas complementarias.

Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

Presentación do tema, na medida do posible con apoio audiovisual, co posterior debate/ comentario sobre o seu paralelismo e pervivencia actuais.

Información da profesora:

En primeiro lugar, farase mención das nocións imprescindibles para o desenvolvemento da unidade.

Á explicación de cada apartado dentro dun tema (lingua, léxico, textos ou legado) seguiralle a correspondente realización de exercicios.

En 1º, e en 4º en menor medida, irase examinando detidamente a gramática de acordo cos textos, realizando simultaneamente a aprendizaxe da flexión nominal e verbal, vocabulario, sintaxe, formación e derivación de palabras (cada tema contén estes diversos apartados).

En 2º farase un repaso previo de toda a morfoloxía vista no curso anterior e unha ampliación das cuestións morfolóxicas irregulares. Prescindiremos de complicacións innecesarias, limitándonos ás estruturas regulares.

A aprendizaxe sistemática das declinacións e das conxugacións obedece a que son, ó noso modo de ver, instrumentos imprescindibles para o grao de perfección que se necesita para a tradución.

As explicacións fonéticas referiranse ás regras necesarias para a comprensión de diversos fenómenos que explican a evolución dende o indoeuropeo ás linguas clásicas, e dende estas ás linguas que emprega o alumno.

Antes de explicar as cuestións sintácticas realizarase unha comprobación previa das similares nas linguas propias, necesaria para a súa aprendizaxe. Faremos fincapé en todo aquilo que ofrezca un uso diferente, e a súa equivalencia ás nosas linguas non sexa facilmente deducible. As explicacións insistirán nas diferenzas coa lingua materna do alumno. Será fundamental resaltar paralelismos e conexións en vez de explicar como algo distinto todo o que ten tratamento análogo nas linguas clásicas. Completarase o esquema das relacións sintácticas vistas en 1º, con especial interese no proceso da subordinación.

Ao principio, en 1º e sobre todo en 4º, estas estruturas morfosintácticas basearanse na tradución de frases cortas seleccionadas e sinxelas. Será unha selección accesible ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será graduada, acorde aos coñecementos do alumno, para que resulte eficaz. Máis adiante traduciranse textos máis amplos con unidade de contido, e que nos permitirán, ó mesmo tempo, o estudo da lingua e léxico greco-latinos e o afondamento no coñecemento dos aspectos culturais máis significativos de Roma e Grecia. En 1º non se fará uso do dicionario ata avanzada a 3ª avaliación, cando o alumno xa dispón dunhas nocións mínimas de gramática. Isto fai necesario o reparto a cada alumno dun vocabulario mínimo e simplificado, que lle sirva de axuda nas tarefas de tradución. Terán como mostra un vocabulario proporcionado pola profesora que empezarán a manexar na primeira avaliación.

En 4º usarán o vocabulario do propio libro de texto.

En 2º, coa axuda do dicionario, serán os textos a base para a aprendizaxe da morfoloxía, sintaxe e literatura.

Para as expresións latinas, primeiro explicarase o seu significado e a continuación, faranse diferentes actividades que permitan o estudo das mesmas, como exemplo do latín usado actualmente.

En latín e grego as explicacións serán referentes aos catro apartados en que se estruturan estas materias.

Cando sexa preciso reforzar ou afondar nas mesmas, farase atendendo ás necesidades que requira cada alumno. Intentarase unha coordinación entre as dúas para un mellor aproveitamento da carga lectiva.

Para diversas cuestións, e principalmente para as que non sexan estritamente lingüísticas, recurriremos á axuda das TIC, resumos, esquemas e traballos de investigación.

Do mencionado anteriormente neste apartado, en Cultura Clásica sería aplicable o relativo a temas culturais.

En base aos contidos explicados, o alumnado realizará diversos tipos de actividades, incluídos traballos de investigación ou cuestionarios relacionados cos mesmos.

Traballo persoal:

Resolución dos exercicios de cada unidade correspondentes ás explicacións teóricas.

Realización de esquemas gramaticais para a súa posterior memorización (só en lat. e gr.).

Análise morfosintáctica, lectura en voz alta e tradución de textos de dificultade graduada. Comentario dos mesmos (só en lat. e gr.).

Comprensión dos temas de cultura mediante lectura, esquemas, resumos ou traballos de investigación.

Realización de diversas actividades conxuntamente, estimulando o traballo en equipo.

Lectura das obras recomendadas e realización de traballos de investigación propostos.

Avaliación:

- Observación directa do traballo do alumno na clase.
- Demostración oral do traballo diario.
- Traballos individuais e en grupo. Exposición dos mesmos.
- Probas orais e escritas.

6.2 Outras decisións metodolóxicas

Materiais e recursos didácticos

Libro de texto aconsellable en Latín e Grego de 1º de Bac e 4º ESO.: manual de Santillana. En Cultura Clásica: Anaya.

Recursos fotocopiáveis das propostas didácticas, con actividades de reforzo e ampliación, lecturas e actividades complementarias.

Utilización do libro e recursos dixitais dispoñibles: web do alumnado e do profesorado.

Material elaborado pola profesora.

Materiais adicionais dos fondos da Biblioteca do Centro.

Internet.

7. AVALIACIÓN

7.1 *Avaliación inicial*

Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

Levarase a cabo nas semanas iniciais de curso.

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

A observación directa das actividades propostas na clase servirá de indicador do grao de coñecementos de cada alumno. Ao ser, a maioría, materias cursadas por primeira vez, serán exercicios prácticos fundamentalmente das linguas propias, enfocados aos estándares que se pretenden acadar nas clásicas.

Ditos exercicios versarán sobre morfoloxía, sintaxe, comprensión dun texto, capacidade de síntese, expresión escrita, etimoloxía e cuestións sinxelas de cultura e civilización clásica.

En Cultura Clásica contéplase a realización de exercicios similares, salvo os de morfoloxía e sintaxe.

Cales serán as consecuencias dos resultados?

A valoración dos resultados permitirá establecer as tarefas complementarias individuais que precisa realizar cada alumno ata acadar o nivel desexado.

7.2 Procedemento avaliación continua. Criterios de cualificación.

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cuántas por trimestre ou avaliación, etc.?)

En cada trimestre disporán de unha ou dúas probas escritas.

A asignación dos temas a cada unha faise en base á un reparto equitativo e dificultade de contidos, podendo resultar así diferente número de temas por exame.

En Cultura Clásica serán cualificados polas diversas actividades de cada tema realizadas na aula.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...

BACHARELATO:

En 1º dúas probas escritas por aval.: 10 puntos cada unha

En 2º unha proba escrita por aval.: 10 puntos

Proba oral: 1 punto

Traballo individual ou colectivo: 0.5 “

Traballo na libreta: 0.5 “

Observación: 1 “

4º ESO.:

Dúas probas escritas por aval.: 10 puntos cada unha

Traballo individual ou colectivo: 2 “

Traballo na libreta: 1 “

Observación: 1 “

3º ESO.:

Dous traballos de investigación individual /resposta a un cuestionario por aval.: 4 puntos

Outras actividades na libreta ou ordenador: 4 “

Observación: 2 “

O alumno que copie nunha proba escrita será cualificado cun cero en dita proba. A mesma cualificación lle corresponderá á non comparecencia sen xustificar a un exame. No caso de non presentarse a un exame na data establecida deberá aportar un xustificante médico.

A non realización da proba oral, do traballo individual/ colectivo e do traballo na libreta suporá restar a correspondente puntuación.

Os traballos de investigación individuais presentados que resulten idénticos cualificaranse cun cero.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ...

BACHARELATO:

- Media de dúas probas escritas en 1º. En Latín II unha proba escrita con parte teórica (5 puntos) e práctica (5 puntos), seguindo as directrices da CIUG. En Grego II, parte teórica (3 puntos) e práctica (7 puntos) → 70%
- Suma dos restantes procedementos → 30% (- 0.25 puntos por cada chamada de atención na clase por mal comportamento. Esta puntuación restarase á cualificación final obtida na avaliación)
- Entre as dúas porcentaxes é preciso acadar un cinco.
- Redondeo: durante os dous primeiros trimestres non se efectuará ningún redondeo.

4º ESO.:

- Media das dúas probas escritas → 60%
- Suma dos restantes procedementos → 40% (- 0.25 puntos por cada chamada de atención na clase por mal comportamento. Esta puntuación restarase á cualificación final obtida na avaliación)
- Entre as dúas porcentaxes é necesario acadar un cinco.

- Redondeo: durante os dous primeiros trimestres non se efectuará ningún redondeo.

3º ESO.:

- Na suma dos catro procedementos mencionados débese acadar un cinco.
- Redondeo: durante os dous primeiros trimestres non se efectuará ningún redondeo.
- Descontaranse 0.25 puntos por cada chamada de atención na clase por mal comportamento. Esta puntuación restarase á cualificación final obtida na avaliación.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

- Interese, atención e boa disposición
- Participación e iniciativa
- Realización das actividades
- Progreso nas competencias
- Utilización a diario do material básico
- Asistencia regular a clase e puntualidade

Como se recupera unha proba non superada?

Non se contempla facer recuperación dunha proba solta.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Bacharelato e Latín 4º ESO: a 1ª recupérase na 2ª, e esta na 3ª. De non aprobar a 3ª, cabe contemplar unha recuperación desta, previa ao exame final de toda a materia.

Pode haber algunha pregunta relativa á teoría da avaliación anterior/anteriores non superada.

Cultura Clásica ESO.: realizarase un traballo de investigación/ resposta a un formulario sobre os contidos de todo o trimestre non superado, se se considera que son estes os que deben ser recuperados.

Se o que debe superarse é algún dos outros procedementos, tentarase logralo na seguinte avaliación, analizando a súa evolución así como o progreso nas competencias.

É obrigatorio obter algunha cualificación positiva nos distintos apartados que configuran a porcentaxe do 30% (BAC.) ou 40% (4º ESO.) . A non realización dalgún deles conleva a súa correspondente cualificación negativa, podendo supoñer unha avaliación non superada.

7.3 Procedemento de avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

BACHARELATO e LATÍN 4º ESO.:

Aquel que non acade un cinco na 3ª avaliación.

CULTURA CLÁSICA ESO.:

Aquel que, tras realizar as correspondentes actividades de recuperación por avaliación e a media dos tres trimestres non chegue ao cinco, deberá responder a un conxunto de preguntas sobre os contidos impartidos.

En que consistirá a proba ?

Constará de dez preguntas exhaustivas semellantes ás que se fixeran durante o curso, valorando entre cero e un punto cada unha. Estarán relacionadas cos contidos dos tres trimestres.

En 2º de Bac. incluírá preguntas de teoría e práctica de tradución.

En Cultura Clásica consistirá en realizar na aula un formulario con vinte preguntas sobre os contidos mínimos.

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentas, todos, ...

Todos poderán ser obxecto de avaliación.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

BACHARELATO e LATÍN 4º ESO.:

A nota final será a que se obteña na 3ª. Se é preciso realizar a proba final, a cualificación será a desta proba. O que requira subida de nota deberá realizar esta proba final, examinándose de toda a materia.

CULTURA CLÁSICA:

Efectuando unha media das tres. Se precisa realizar a actividade final, a cualificación será a desta actividade. O que requira subida de nota deberá realizar este cuestionario final.

Tanto en BAC. como na ESO. farase un redondeo á alza a partir das cinco décimas se a actitude foi satisfactoria ó longo do curso. Engadiranse á nota final obtida, e posterior ao redondeo, 0.3 puntos pola asistencia ao Festival de Teatro Grecolatino (de ser posible a asistencia).

7.4 Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Será unha proba similar a unha final de xuño, con dez preguntas exhaustivas e relativas aos contidos dos tres trimestres. En 2º de Bac. incluírá preguntas de teoría e práctica de tradución.

En 3º ESO. realizarán un formulario similar ao final de xuño.

Como se cualifica, redondeos, etc?

Cualificarase sobre dez puntos.

Valorarase entre cero e un punto cada pregunta. En 2º de Bac. correspóndenlle sete á tradución e tres á teoría, en grego; e, en latín, cinco á tradución e cinco á teoría.

Efectuarase redondeo á alza a partir das cinco décimas.

A cualificación será a desta proba.

En Cultura Clásica valorarase sobre 10 puntos o conxunto de preguntas requerido.

7.5 Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

Tras as explicacións pertinentes do tema, haberá un seguimento diario individualizado dos exercicios adicionais sobre os contidos básicos, que deberán ser feitos na casa. Para os temas de cultura requírese a realización de traballos que deberán ser entregados nos prazos estipulados.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

A cualificación por avaliación obtérase de:

BACHARELATO:

Unha proba escrita → 70%
Traballos de investigación → 20%
Traballo realizado na clase/casa → 10%

4º ESO.:

Unha proba escrita → 50%
Traballos de investigación → 40%
Traballo realizado na clase/casa → 10%

3º ESO.:

Traballos de investigación → 60%
Traballo na clase/casa → 40%

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

BACHARELATO e LATÍN 4º ESO:

A nota final será a que se obteña na última avaliación, aplicando o mesmo procedemento que na avaliación ordinaria.

CULTURA CLÁSICA ESO:

Efectuando unha media das tres, aplicando o mesmo procedemento que na avaliación ordinaria.

Tanto en BAC. como na ESO farase un redondeo á alza a partir das cinco décimas se a actitude foi satisfactoria ó longo do curso.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

Realizarase unha proba con dez preguntas sobre contidos mínimos dos tres trimestres.

En Bac. incluírá preguntas de teoría e práctica de tradución.

En Cultura Clásica levarase a cabo o mesmo procedemento que na avaliación ordinaria.

Como se cualifica, redondeos, etc?

Cualificarase sobre dez puntos, valorando entre cero e un punto cada pregunta. En Bac. manterase o sistema de cualificación que se viña efectuando e igualmente en Cultura Clásica.

Farase un redondeo á alza a partir das cinco décimas.

8. OUTRAS AVALIACIÓNS

8.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

8.2 Avaliación da programación didáctica

8.2.1 Mecanismo de revisión

Con que periodicidade se revisará

Anualmente.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Tentarase axustar máis o traballo na aula ás sesións de clase.

8.2.2 Mecanismo de avaliación e modificación da programación didáctica

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

Observacións:

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

9.1 Medidas ordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados? Recursos de reforzo</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>5. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>6. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p> <p>Realización dos exercicios recomendados e autocrítica do feito a corrixir.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>En PMAR lévase a cabo unha maior realización de traballos individuais e en grupo.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>No grupo de PMAR</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p>

9.2 Medidas extraordinarias

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc</p>

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

De momento, quedan suprimidas por razóns sanitarias.

De ser posible, no segundo trimestre asistiríase ao Festival de Teatro Grecolatino, que, dependendo da data e para que non coincida cos exames da segunda avaliación, podería ser a Lugo ou ben a Ourense.

Valoraríase algunha viaxe cultural que poidera xurdir ao longo do curso conxuntamente con outro departamento e que resulte de interese para o alumnado de Clásicas.

11. DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
CULTURA CLÁSICA	3º ESO	A –B – PMAR	Mª JOSÉ AGRA VILLAR
LATÍN	4º ESO	A	“
LATÍN	1º BAC	A	“
LATÍN E GREGO	2º BAC	A	“

12. RELACIÓN COA RESOLUCIÓN

Resolución do .27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	APARTADO
a	Introdución e contextualización	Apto. 3
b	Contribución ás competencias básicas	Apto. 5
c	Concreción dos obxectivos para o curso	Apto. 3
d	Concreción para cada estándar	Apto. 5
	1º.- Temporalización	Apto. 4
	2º.- Grao mínimo de consecución	Apto. 5
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	Apto. 5
e	Concrecións metodolóxicas	Apto. 6
f	Materiais e recursos didácticos	Apto. 6
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	Apto. 7
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	Apto. 8
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	Apto. 7
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	Apto. 7
k	Avaliación inicial e medidas	Apto. 7
l	Medidas de atención á diversidade	Apto. 9
m	Concreción de elementos transversais	Apto. 5
n	Actividades complementarias e extraescolares	Apto. 10
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	Apto. 8